

Resolución do 25 de febreiro de 2025 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se fai publica a adxudicación de destinos obxecto do proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (código de procedemento PR461J), convocado mediante a Orde do 19 de setembro de 2024 (DOG núm. 188, do 30/09/2024)

Con data 30 de setembro de 2024, o Diario Oficial de Galicia fixo pública a Orde do 19 de setembro de 2024 pola que se aprobaban as bases xerais reguladoras e se convocou o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (código de procedemento PR461J).

O tribunal que avaliou este proceso, nomeado pola Resolución do 2 de decembro de 2024 (DOG núm. 238, do 11 de decembro), acordou con data 17 de febreiro de 2025 facer pública a baremación definitiva deste proceso e remitiu a este centro directivo a proposta de adxudicación dos postos ofertados nos correspondentes concellos.

De acordo co establecido nas bases reguladoras deste proceso,

RESOLVO

Primeiro: Publicar a proposta de adxudicación de prazas convocadas no referido proceso de provisión por mobilidade

DNI cifrado	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Proposta de praza a adxudicar
7167	VÁZQUEZ	VARELA	JOSÉ MANUEL	VIGO

Segundo: Notificar de forma individual a todas as persoas que acadaron posto neste proceso, e a todos os concellos afectados, para que eleven a definitiva a proposta de adxudicación de postos.

De conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e co artigo 41 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, os destinos adxudicados son irrenunciabes.

En relación ao cesamento e nomeamento, estarase ao disposto no artigo 42 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.



Esta resolución esgota a vía administrativa, segundo o indicado no artigo 17 da Lei 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Na data da sinatura dixital

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez

